



MODIFICACIÓN DO PXOM2013 DA CORUÑA Nº3 (MPG 3/14) PARA A INCORPORACIÓN DE ELEMENTOS DO PATRIMONIO CULTURAL/ CAMIÑO DE SANTIAGO INGLÉS E ELEMENTO ARQUEOLÓXICO (SECTOR 1) NA RÚA CASANOVA DE EIRÍS-AVD. DOS CAÍDOS

DOCUMENTO PARA APROBACIÓN INICIAL

NOVEMBRO 2015



VOL.2
6.RESUMO EXECUTIVO



6.1 RESUMO EXECUTIVO

1. Introducción

Conforme ao establecido no art.25-"Publicidad y eficacia en la gestión pública urbanística" do "Texto Refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana" (Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro), e de cara a garantir a publicidade e a eficacia na xestión pública urbanística, a documentación exposta ao público deberá incluír un resumo executivo expresivo dos seguintes extremos:

- a) Delimitación dos ámbitos nos que a ordenación proxectada altera a vixente, cun plano de situación e alcance da alteración.
- b) No seu caso, os ámbitos nos que se suspendan a ordenación ou os procedementos de execución ou de intervención urbanística e a duración da suspensión.

O presente documento redáctase conforme ao anterior precepto legal.

1.1 Conveniencia e oportunidade da redacción da modificación do PXOM2013


A modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal da Coruña que se está a tramitar ten os fins:

da modificación do contido do plan xeral para recoller a delimitación do Camiño de Santiago Inglés definida no "*Decreto 110/2014, de 4 de setembro da Xunta de Galicia*", que require a modificación do contido dos distintos documentos do Plan xeral; e a incorporación ao seu Catálogo do elemento arqueolóxico localizado na rúa Casanova de Eirís-Avd. dos Caídos, achado na escavación arqueolólica desenvolvida nas obras de urbanización desa zona, para cumplir o indicado na "*Resolución de 3 de xullo de 2014 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria- Informe valorativo da excavación arqueolólica de estruturas negativas no proxecto de obras ordinarias na rúa Casanova de Eirís e avd. dos Caídos ao concello da Coruña*" que se refiren a obrigatoriedade de incorporar o elemento arqueolóxico ao planeamento municipal.

Trátase de incorporar aos distintos documentos do actual PXOM:

-a traza e delimitación do Camiño de Santiago Inglés coa categoría de territorio histórico, de acordo co Decreto 110/2014, o que require reformar a ficha do Catálogo Camiño de Santiago Inglés que contén e introducir as modificacións nos apartados do PXOM onde se faga referencia a el e modificar os planos do plan xeral que corresponda.

-o elemento arqueolóxico localizado na rúa Casanova de Eirís e Avda. dos Caídos GA15030022 (Sector 1), o que require elaborar unha ficha de Catálogo, establecer un nivel de protección e localizar o elemento catalogado xunto coa súa contorna de protección e neste caso identificar unha "área de protección do patrimonio arqueolóxico" vinculada.



A razón de interese público desta modificación do Plan Xeral é exxutar o contido do Plan Xeral á delimitación dun elemento do patrimonio cultural como o é o Camiño de Santiago Inglés segundo a nova identificación e delimitación que se realiza no Decreto 110/2014, de 4 de setembro da Xunta de Galicia, e tamén modificar o Catálogo do Plan Xeral para que recolla como elemento catalogado o elemento arqueolóxico identificado nas recentes obras de urbanización da rúa Casanova de Eirís-avd. dos Caídos. Polo tanto o interese público é a adaptación e actualización do planeamento urbanístico municipal para que queden protexidos os elementos do patrimonio cultural da forma que establece a LOUG e a lexislación de patrimonio cultural.

As modificacóns do plan xeral que se contemplan neste documento non supoñen a reclasificación do solo nin incremento da intensidade de usos dunha zona, nin alteran os sistemas xerais previstos no plan xeral.

Na modificación do PXOM2013 contemplada neste documento pola que se modifica o trazado e incorpora a delimitación do Camiño de Santiago Inglés segundo se establece no Decreto 110/2014, non hai que modificar ningún aspecto da Normativa referida á protección do elemento pois se mantén tal e como está recollido no PXOM2013, ao soamente facerse referencia á lexislación sectorial de aplicación

Ao soamente tratarse de unha corrección do trazado e incorporación da delimitación do Camiño de Santiago únicamente é preciso corrixir os documentos que forman o PXOM2013 para que o elemento do patrimonio cultural que é o Camiño de Santiago Inglés quede plasmado no planeamento xeral de forma correcta. Elimínase a identificación de dous tramos da forma que se recolleu na ficha do Catálogo (CS) así como as condicións que se expoñen nela de cara a unha posible intervención neses tramos do elemento. No obstante mantense a identificación de dous tramos no Camiño tendo en conta que unha parte do Camiño de Santiago Inglés está no ámbito do Plan Especial de Protección e Reforma Interior da Cidade Vella e Pescadería da Coruña (PEPRI2015); este tramo se propón como tramo 1 do Camiño. O resto do Camiño desde o límite do ámbito do PEPRI ata o límite do termo municipal constituirá o tramo 2 do Camiño.

A outra parte da modificación do PXOM2013 consiste en incorporar ao Catálogo do PXOM2013 o elemento arqueolóxico identificado como GA15030022, que se localizou nos traballos de urbanización na zona de Santa María de Oza, na rúa Casanova de Eirís-avd. dos Caídos identificado no proxecto arqueolóxico como Sector 1.

Dadas as características do elemento arqueolóxico e os indicios da existencia de máis restos no ámbito apoiados pola toponomía do lugar e as súas características topográficas, considérase necesario realizar unha modificación na normativa do PXOM2013 no Título IV nos artigos que se refiren á protección dos elementos.

Tratase de incluír a posibilidade de vincular a un elemento arqueolóxico protexido, ademais dunha "contorna de protección", unha "área arqueolóxica" vinculada na que se estableza a obriga de realizar un Proxecto Arqueolóxico previo a realización de calquera actuación que supoña movemento de terras. A posibilidade de establecer unha "área arqueolóxica" vinculada a un elemento arqueolóxico catalogado poderase dar no caso de que ese elemento teña relación cun ou varios ámbitos de planeamento que estean pendentes de desenvolverse urbanísticamente, sendo obrigado para os propietarios da "Área de protección do patrimonio arqueolóxico" a redacción dun Proxecto arqueolóxico para cada ámbito de planeamento (API, APR-PEMD/PET/PE, POL de planeamento ou POL de xestión,

SUD, SURT) antes da aprobación de calquera figura de planeamento ou de realizar calquera actuación neles. Entenderase como actuación calquera tipo de acción no ámbito que supoña movemento de terras, novo uso ou edificación nos terreos, incluso os usos e edificacións de posible autorización como obra prisional. O elemento arqueolóxico GA15030022 asignaráselle o nivel II de protección arqueolóxica.

2.Delimitación dos ámbitos nos que a modificación proxectada altera a vixente-ámbitos da modificación puntual.

-Camiño de Santiago Inglés.

A incorporación do establecido no Decreto 110/2014, de 4 de setembro da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, supón recoller o ámbito identificado como trazado do Camiño e a superficie identificada como delimitación do Camiño que se establece nese documento e por tanto modificar a traza do Camiño que está contida no documento do PXOM2013 para que coincida coa que se establece no Decreto 110/2014 e tamén recoller a delimitación do Camiño.

-Elemento arqueolóxico GA15030022 (Sector 1) na rúa Casanova de Eirís-avd.dos Caídos.

Neste caso trátase dun elemento do Patrimonio Cultural de recente localización polo que hai que identificar o ámbito de terreo correspondente a dito elemento e o ámbito da súa contorna de protección. Dadas as características do elemento e os indicios da posibilidade de novos achados na zona propone establecer unha zona arqueolóxica vinculada a este elemento cuxo ámbito será o mesmo que o dos polígonos de xestión do solo establecidos no PXOM1998 como unha única Area de Reparto, e que figurán recollidos no PXOM2013 como API Q28-"Parque de Oza" e API R29-"Bergondo-C.Eirís-Oleoducto", por ser ámbitos pendentes de desenvolvemento urbanístico no alto do Castrillón onde os achados teñen importancia e características comúns.

A continuación se inclúen os planos nos que se identifican as superficies afectadas:



ELEMENTO:

CAMINO DE SANTIAGO

Ficha N° CS

Denominación: Camino inglés (o de los ingleses). Tramo
A Coruña-Santiago

O10 028, 029, 036, 037, 047,
048, 057, 058, 068, 077, 085, 086,
094, 103, 112, 113, 121

Plano n°:

Localización: Identificación establecida no Decreto 110/2014

Ficha n°: 10-031

Data de construcción: Siglo XII

Estilo: Camino histórico

Autor:

Materiais:

Caracteres singulares:

No presenta variantes o itinerarios alternativos. Por su trazado fundamentalmente urbano sirve de acceso exclusivo a multitud de viviendas existentes. La identificación del trazado y delimitación del elemento se establece en el Decreto 110/2014, de 4 de septiembre (DOG nº178, de 18 de septiembre de 2014).

Estado de conservación: Muy alterado

Propiedad: Pública

Protección existente: Bien catalogado (Lei 3/1996 de protección de los caminos de Santiago)-Territorio Histórico

OBSERVACIÓN DO INTERESE

Interese de carácter histórico:



Variante del Camino de Santiago reconocido desde 1993 como Patrimonio Universal de la Humanidad, si bien la protección se centra principalmente en la vía con mayor valor histórico y monumental, esto es en el camino Francés. El Camino inglés fue la ruta medieval de peregrinación a Compostela que seguían los devotos ingleses y de otros lugares del norte de Europa, que llegaban en barco al puerto de A Coruña y, en menor medida, al puerto de Ferrol, desde donde comenzaban su marcha a pie hasta Santiago.

Interese de carácter arquitectónico:

No existen elementos relevantes de carácter monumental o tradicional vinculados al uso del camino.

Interese de carácter urbanístico:

Configura un recorrido de gran longitud con vistas puntuales sobre la Ría del Burgo en el tramo final.

Interése de carácter físico:

Uso orixinal:

Ruta medieval de peregrinación

Uso actual

Vía urbana con tráfico rodado y vía de peregrinación

Interése de carácter funcional:

Existen vías alternativas - Avda del Pasaje y Avda de Alfonso Molina- que permitirían liberar de tráfico rodado al camino y recuperarlo como vía preferentemente peatonal y de vehículos sin motor.

Observacións:

En este tramo, esta variante del Camino de Santiago se encuentra profundamente alterada ya que coincide sustancialmente con modernas infraestructuras viarias.

Nivel de protección:


I

Las determinaciones de la Lei 3/1996 en relación a las rutas no principales establecen la obligación de delimitar el camino y remiten su regulación a la Lei do patrimonio cultural de Galicia.

-Tramo I: Camino de Santiago Inglés en el ámbito del Plan Especial de Protección y Reforma Interior de la Ciudad Vieja y Pescadería de A Coruña (PEPRI).



Tramo II: desde el límite del Plan Especial de Protección y Reforma Interior de la Ciudad Vieja y Pescadería de A Coruña (PEPRI) hasta el límite del Término municipal.



Aprobado inicialmente por el Pleno Municipal en sesión de

11 FEB 2016

Certifico:
El Secretario P.D.



DENOMINACIÓN:	Elemento arqueolóxico na rúa Casnova de Eirís - Avda. dos Caídos (Sector 1)	Ficha Nº 021
Localización:	Castrillón -As Moas	Plano nº: O10 Folla nº: 68,77
Coordenadas:	UTM-X: 548.837 (548.711 ETRS89) UTM-Y: 4.799.766 (4.799.752 ETRS89)	Código nº: GA15030022
Altitude:	57 m.s.n.m.	


Adscripción tipológica: Indeterminado.


Adscripción cultural:

Descripción: Estrutura negativa e ocos escavados no seu fondo e bordes, posiblemente para asentamento de postes de madeira, aspecto de estrutura "habitacional". No Sector 1 encontráronse diferentes materiais arqueolóxicos na súa maior parte cerámicos.

Ámbito de protección: II

Contorno Protección: Definida gráficamente nos planos e regulada nos art. 4.1.6 a 4.1.9 das NNUU





plano O10-67,77


ELEMENTOS ARQUEOLÓGICOS

- PROTECCIÓN GRADO I
- PROTECCIÓN GRADO II
- PROTECCIÓN GRADO III
- CONTORNO DE PROTECCIÓN

1:2.000
0 5 10 20 M.
N

MPXOM 2013 Nº3 (MPG 3/14)





Ámbito (Distrito 2):
SUEL URBANO NO CONSOLIDADO en Parque de Oza.

Planeamiento Básico del Área:

Referencia nº: Denominación:
Expediente: PGM 1998

Fecha de aprobación:
19/10/1998

Desarrollos y/o Modificaciones:

Referencia nº: Denominación:
Expediente: DPO 1/100
EDD 6/07 Estudio de Detalle para reajuste de
EDD 3/09 Estudio de Detalle de la parcela

Fecha de aprobación:
12/05/2008
07/09/2009

Determinaciones complementarias PGOM 2013:

- Modificación de la delimitación del API.
 - No será de aplicación el artículo de las NNUU del PGOM 98.
 - En la gestión del ámbito se mantendrán las adscripciones de sistemas iniciados en ejecución del PGOM 98.
 - Sobre el EDD se realizan las siguientes modificaciones, con objeto de mantener el aprovechamiento tipo del área de reparto del PGOM 98 cuya sup. edificable total es 136.704,50 m².
- La superficie edificable total de cada parcela es:

Manzana A	2.705,00 m ²
Manzana B	11.217,00 m ²
Manzana C (1)	29.502,50 m ²
Manzana C (2)	28.845,00 m ²
Manzana D	32.879,00 m ²
Manzana E	5.710,00 m ²
Manzana F	25.846,00 m ²

Condiciones de parcelación: Serán las derivadas de la ordenación establecida en el plano O.6 Zonificación. En las manzanas "M.B.", "M.C.", "M.D" y "M.F", la parcelación deberá respetar, como mínimo, los fraccionamientos que de los bloques se originan por las líneas que identifican los saltos de altura. La manzana MA se considera, por sus características, unitaria.

Mediante Estudio de Detalle, que como mínimo deberá abarcar una manzana completa, podrán reajustarse las cotas de referencia y las rasantes. Se autoriza la reordenación volumétrica establecida, a través de Estudio de Detalle -de acuerdo con las determinaciones legales vigentes- que como mínimo abarcará manzanas completas, y sin que, en ningún caso se pueda exceder el número máximo de plantas, ni la superficie edificable computable, ni la ocupación máxima, establecidas para la manzana.

La ordenación volumétrica de cada una de las manzanas es la fijada en el plano O.6 Zonificación. En dicha ordenación se establecen, para cada manzana, las siguientes determinaciones:

- Las alineaciones exteriores.
- La altura máxima de la edificación en número de plantas, incluida la baja.
- Las cotas de referencia (nivelación de la planta baja) (●). Esas cotas se consideran "0" a los efectos de determinar la medición de la altura de la edificación; el tipo de planta y los parámetros de ocupación sobre el bajo rasante.
- La rasante de vial o acera (●) en contacto con la alineación.
- En las manzanas M.C, M.D, y M.F las líneas de edificación, los retranqueos, la separación a linderos, la separación entre edificación y la ocupación máxima sobre la rasante o cota de referencia. El retranqueo obligatorio es de 3,00 metros. La línea de edificación que se sitúa a esa distancia -medida desde la alineación- se denomina línea de retranqueo y determina la ocupación máxima de la manzana en plantas inferiores a la baja.
- En las manzanas M.A, M.B y M.E las alineaciones exteriores y fondos edificables.
- El tratamiento del espacio libre existente entre los dos bloques -M.C y M.C2- de la manzana M.C.

La altura máxima de la edificación es la distancia vertical desde la cota de referencia a la cara inferior del forjado que forma el techo de la última planta.


Por encima de la altura máxima sólo se permiten construcciones que queden por debajo del gallo establecido en el artículo 6.4.3.3.c) del PGOM de 1998, debiendo resolverse este remate de los edificios mediante solución de áticos retranqueados así definidos se permitirán los elementos puntuales definidos en el artículo 6.4.3.3.f) del PGOM de 1998, así como las soluciones de remate de escaleras y ascensores -de dimensiones nedebidamente justificadas- de servicio a las plantas de ático. En ningún caso la altura máxima de este ático retranqueado puede ser superior a la altura tomada para las plantas de piso.

En las edificaciones de planta baja identificadas en las manzanas M.A y M.D en el plano O.6 de zonificación, se prohíbe cualquier tipo de construcción por encima de su altura máxima. El remate de las edificaciones será por medio de cubiertas planas. En la manzana M.C la altura máxima de estas edificaciones en la colindancia con las edificaciones en altura, se establece en 4,50 metros medidos desde la rasante de la acera a la altura de coronación.

En todo lo demás no expresamente previsto en las anteriores determinaciones, y siempre que no sean contrarias a las mismas, se aplicarán las Normas Zonales del planeamiento incorporado - PGOM de 1998- para cada respectiva manzana; esto es la Norma Zonal 2.1 para las manzanas M.A y M.D, la Norma Zonal 2.2 para la manzana M.B, y la Norma Zonal 3 para las manzanas M.C, M.D y M.F; así como las condiciones generales de edificación establecidas por dicho PGOM

5 Incluido en zona de Ordenación del POL. Se observarán las determinaciones del art. 61 de las NNUU del POL.

plano Q28-29





Marzo 2013

REVISIÓN DEL PGOM

1:5.000
0 25 50 M.
N

Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



plano Q28-29

Marzo 2013

REVISIÓN DEL PGOM

1:2.000
0 5 10 20 M.

Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



Ámbito (Distrito 2):
SUELLO URBANO NO CONSOLIDADO en Bergondo

Planeamiento Básico del Área:

Referencia nº: Denominación:
Expediente: PGOM 1998

Fecha de aprobación:
19/10/1998



Desarrollos y/o Modificaciones:

Referencia nº: Denominación:
Expediente: Proyecto de compensación

Fecha de aprobación:
19/12/2008

Determinaciones complementarias PGOM 2013:

- 1 Modificación de la delimitación del API.
- 2 Se amplía de 12 a 14 metros el ancho del viario prolongación de la calle Abegondo.
- 3 En la confluencia de los viarios prolongación de las calles Villa de Ordenes y Oleoducto se recoge, como viario, la glorieta prevista en el proyecto de urbanización del sector 6 "Parque de Eiris" definitivamente aprobado y que afecte, en parte, a este ámbito.
- 4 Al noreste del Polígono, lindando con la Avenida de A Pasaxe, se ajusta el ámbito del Polígono a la línea de expropiación establecida por la Demarcación de Carreteras del estado en Galicia del Ministerio de Fomento, en el expediente expropriatorio para la ejecución de la red arterial de A Coruña en el tramo El Pasaje-Los Castros "40-LC-2670". Consecuentemente, al objeto de adecuar al ajuste del ámbito anteriormente indicado la posición de los bloques identificados como F y G en el instrumento de equidistribución definitivamente aprobado, se desplazan los mismos en dirección noroeste respecto de su posición original establecida por el PGOM de 1998.
- 5 Se establecen las rasantes de viario o acera, según planos de zonificación.
- 6 Incluido en zona de Ordenación del POL. Se observarán las determinaciones del art. 61 de las NNUU del POL.



plano R29-30

red viaria	L	G	SISTEMA	O
espacios libres	L	G	ámbito	-----
equipamientos	L	G	límite de sistema/norma zonal	—
infraestructuras	L	G	número de plantas	Nº
red ferroviaria	L	G	zona privada	
espacios portuarios	L	G		

Marzo 2013

REVISIÓN DEL PGOM

1:4.000
0 10 20 40 M.
N

Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



3. Innecesariedade da delimitación de ámbitos de suspensión de ordenación ou procedementos de execución ou de intervención urbanística

Os ámbitos afectados pola modificación de planeamento son,

1º no caso da delimitación do Camiño de Santiago,

todas as parcelas e superficies incluídas na contorna de protección do Camiño. Neste caso, considérase que non procede a delimitación de ámbito de "suspensión de ordenación ou procedementos de execución ou de intervención urbanística" toda vez que a propia aprobación do trazado e identificación de contorna de protección do Camiño de Santiago Inglés realizada mediante Decreto da Xunta de Galicia é a que obriga a aplicación da lexislación reguladora da protección nesas superficies identificadas como trazado e contorna de protección do Camiño.

2º no caso da modificación do documento do PXOM2013 para incluír o elemento arqueolóxico, elemento arqueolóxico (SECTOR 1) na rúa Casanova de Eirís-Avd. dos Caídos,

neste caso, considérase que non procede a delimitación de ámbito de "suspensión de ordenación ou procedementos de execución ou de intervención urbanística" toda vez que nos ámbitos afectados que son os correspondentes aos ámbitos de planeamento identificados como API Q 28- Parque de Oza (antigo APE H9.01) e API R29-Bergondo/rúa Eirís-Oleoduto (antigo POL H9.11-Fariña Ferreño) non teñen iniciado o prazo de solicitude de licenzas ao non terse aprobados na data de redacción deste documento o/os Proxecto de Urbanización correspondentes. O API Q28-Parque de Oza ten aprobado o Proxecto de Compensación do 26 de decembro de 2014 e o API R29-Bergondo/rúa Eirís-Oleoduto ten aprobado o Proxecto de Compensación o 19 de decembro de 2008.

Entendese que en calquera caso a condición que se impón sobre os dous ámbitos de planeamento non supón máis que establecer un mecanismo que garanta o adecuado desenvolvemento do planeamento nuns ámbitos pendentes de desenvolvemento urbanístico que polo achado do elemento arqueolóxico na rúa Casanova de Eirís-Avd. dos Caídos aumentan no seu interese arqueolóxico e nas que poden producirse máis achados. En calquera caso, a condición que se introduce ao identificar os ámbitos como "Área de protección do patrimonio arqueolóxico" non altera as obrigas respecto a intervención da administración local no caso de producirse achados arqueolóxicos no curso de execución de calquera tipo de obras, tanto públicas como privadas, a realizar en desenvolvemento do planeamento. O anterior non supón para os particulares propietarios dos ámbitos máis que a redacción dun Proxecto arqueolóxico para cada ámbito para garantir que vai a existir un control arqueolóxico na totalidade da superficie dos ámbitos tanto nas superficies das parcelas edificables de titularidade privada como nos solos de titularidade pública.

Aprobado inicialmente por el Pleno Municipal en sesión de


11 FEB 2016

Certifico:
El Secretario P.D.

**MODIFICACIÓN DO PXOM2013 DA CORUÑA Nº3 (MPG 3/14) PARA A INCORPORACIÓN
DE ELEMENTOS DO PATRIMONIO CULTURAL/
CAMIÑO DE SANTIAGO INGLÉS E ELEMENTO ARQUEOLÓXICO (SECTOR1) NA RÚA
CASANOVA DE EIRÍS-AVD. DOS CAÍDOS**


O artigo 77.2 da LOUGA establece que o acordo de aprobación inicial dos instrumentos de ordenación determinará, por si só, a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas naqueles ámbitos do territorio obxecto do planeamento no caso en que as novas determinacións deste supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente.

Do exposto arriba, cabe concluír que a formulación da "Modificación do PXOM2013 da Coruña nº3 (MPG 3/14) para a incorporación de elementos do Patrimonio Cultural/Camiño de Santiago Inglés e elemento arqueolóxico (SECTOR 1) na rúa Casanova de Eirís-Avd. dos Caídos" que se presenta a aprobación inicial, non supón unha alteración das determinacións de ordenación vixentes que esixa a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas e de execución ou de intervención urbanística.



6.2 ANEXO

- Resolución sobre informe valorativo da escavación arqueolóxica de estruturas negativas no proxecto de obras ordinarias nas rúas Casanova de Eirís e Avenida dos Caídos no concello da Coruña
- Informe da Direc.Xeral do Patrimonio Cultural da Memoria técnica de prospección arqueolóxica para avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural do Proxecto de Urbanización do APE H9.01 Parque de Oza





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Xefatura Territorial da Coruña

Servizo de Coordinación da Área Cultural

Aprobado inicialmente por el Pleno
Municipal en sesión de
Vicente Ferrer, 2 - 3.º plant.
15008 A Coruña
Tel.: 981 185 693 11 FEB 2016 23/01/2016
Fax: 981 185 891
Certificado:
El Secretario P.D.

RESOLUCIÓN SOBRE INFORME VALORATIVO DA ESCAVACIÓN ARQUEOLÓXICA DE ESTRUTURAS NEGATIVAS NO PROXECTO DE OBRAS ORDINARIAS NAS RÚAS CASANOVA DE EIRÍS E AVENIDA DOS CAÍDOS NO CONCELLO DA CORUÑA.

Visto o informe valorativo da escavación arqueolóxica de estruturas negativas no proxecto de obras ordinarias nas rúas Casanova de Eirís e Avenida dos Caídos no Concello da Coruña, remitido polo promotor Concello de A Coruña, asinado polo director da actuación Víctor Tomás Botella, e o informe do funcionario da xefatura territorial de data 2 de xullo de 2014, e tendo en conta os seguintes:

Antecedentes e feitos:

En data 28 de xaneiro de 2014, esta xefatura do Servizo de Coordinación da Área Cultural da xefatura territorial da Consellería de Cultura resolveu autorizar o proxecto de obra e o control arqueolóxico das obras ordinarias nas rúas Casanova de Eirís e Avenida dos Caídos no Concello da Coruña, coa seguinte condición:

A vista dos resultados da actuación arqueolóxica poderán modificarse ás condicións da autorización das obras.

En data 21 de marzo de 2014 (nº de rexistro 39529) ten entrada no edificio administrativo a seguinte documentación remitida polo Concello da Coruña:

- Informe de incidencias e proposta de escavación arqueolóxica de estruturas negativas no proxecto de obras ordinarias nas rúas Casanova de Eirís e Avenida dos Caídos no Concello da Coruña asinado polo arqueólogo Víctor Tomás Botella o 27 de febreiro de 2014.
- Addenda para ampliación da proposta de escavación arqueolóxica de estruturas negativas no proxecto de obras ordinarias nas rúas Casanova de Eirís e Avenida dos Caídos no Concello da Coruña asinado polo arqueólogo Víctor Tomás Botella o 12 de marzo de 2014.
- Informe do arqueólogo municipal de 17 de marzo de 2014.

No informe de incidencias indícase que foi detectada unha estrutura negativa en forma de gabia escavada no substrato no denominado Eixe 10 da obra. Dun primeiro rexistro despréndese que se trata dunha gabia duns 11,60 m cunha anchura de entre 1,10 e 1,50 m lixeiramente curva e sección en U.

Durante o proceso de limpeza e documentación foi localizado no seu interior un fragmento cerámico que puidera adscribirse a época prehistórica ou protohistórica, así coma outros fragmentos e un canto rodado nas inmediacións.

Dado o tipo de actuación arqueolóxica non permite a adscrición tipolóxica e cultural cara unha axelada interpretación da mesma o arqueólogo propón a escavación arqueolóxica da mesma.

Na addenda presentada, asinada o doce de marzo, o arqueólogo informa da localización de novas estruturas no treito do Eixe 1 de unión entre Avda. dos Caídos (Eixe 10) e Avda. Casanova de Eirís (Eixe 11). Trátase de dúas estruturas recoñecidas na parede norte da caixa aberta.

A primeira consiste nun corte de sección en U de 2,40 de ancho e 0,85 de fondo. A segunda, ó leste da anterior, é un corte de menor tamaño con sección en V de 1,30 de ancho e 0,55 m de fondo. Neste ámbito non foi recollido material arqueolóxico, polo que propón ampliar a escavación arqueolóxica a este ámbito. A proposta da actuación arqueolóxica centrarse na escavación arqueolóxica dos ámbitos das estruturas localizadas previa limpeza das zonas de contacto co substrato.

No ámbito da estrutura do Eixe 10 proxecta a escavación de 11,40 metros cadrados con dúas zonas: a do perfil existente no que se pode observar toda a secuencia estratigráfica e a da propia gabia que só conserva o Horizonte C que será escavado.

No ámbito do eixe de unión (Eixe 1), tras a limpeza das áreas de contacto, proxecta a escavación dun área duns 14 metros cadrados que acade as dúas estruturas.

Informe valorativo da escavación arqueolóxica de estruturas negativas no proxecto de obras ordinarias nas rúas Casanova de Eirís e Avenida dos Caídos no Concello da Coruña. Resolución. Páxina 1/3



Asemade incorpora execución da escavación arqueolóxica doutras posibles estruturas que poidan ser localizadas durante o proceso de control arqueolóxico nos outros ámbitos de obra.

No informe o arqueólogo municipal sinala que o proxecto é correcto si ben establece unha serie de medidas para a súa execución.

En data 28 de marzo de 2014, esta xefatura do Servizo de Coordinación da Área Cultural da xefatura territorial da Consellería de Cultura a vista dos informes técnicos resolveu **Estimar a proposta municipal e autorizar a escavación arqueolóxica de estruturas negativas no proxecto de obras ordinarias nas rúas Casanova de Eirís e Avenida dos Caídos no Concello da Coruña**, baixo a dirección do arqueólogo Victor Tomás Botella, lembrando que segundo a Resolución de 28 de xaneiro de 2014 pola que se autorizaban as obras estas poderán modificarse polo resultado das actuacións arqueolóxicas.

En data 20 de xuño de 2014 (nº de rexistro 91425) ten entrada no edificio administrativo da Xunta na Coruña e o 25 de xuño na Sección de arqueoloxía a seguinte documentación remitida polo **Concello da Coruña**:

- Informe valorativo da actuación arqueolóxica, asinado o 7 de maio de 2014.
- Informe do arqueólogo municipal de 30 de maio de 2014.

Aprobado inicialmente por el Pleno Municipal en sesión de

11 FEB 2016

Certifico:
El Secretario P.D.

Consideracións e fundamentos técnicos:

No informe de incidencias indícase que a estrutura localizada no sector 1 é de posible afección prehistórica, mentres que a localizada no sector 2 indican unha cronoloxía contemporánea e sen interese patrimonial.

No Sector 1 a estrutura, de orixe prehistórica, está escavada no terreo natural e complementada, na súa metade sur, por un conxunto de ocos escavados, posiblemente có obxecto de acoller postes de madeira. As súas características e a localización de materiais arqueolóxicos, cerámica prehistórica, nos depósitos de colmatación da estrutura lineal, axudan a contextualizar a mesma nunha etapa prehistórica, si ben non é posible determinar a súa funcionalidade.

O arqueólogo propón a conservación da estrutura do Sector 1 e a continuación das obras sen ningunha condición no Sector 2.

O arqueólogo municipal no seu informe incide no interese patrimonial da estrutura localizada no Sector 1 e sobre a necesidade de establecer unha serie de medidas de protección do xacemento durante e tras a execución das obras, que, fundamentalmente son;

- Mitigar a afección das obras sobre a estrutura arqueolóxica dispoñendo un xeotextil e áridos que a cubran. Depositar uns 40 cm de capa de xabre.
- Incorporar o xacemento ó planeamento vixente.
- Continuar cos traballos baixo control arqueolóxico.

Vista a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Régime Jurídico das Administraciones Públicas e do Procedimento Administrativo Común; a Lei 16/2010 de 17 de decembro, de organización e funcionamiento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia; Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español, Lei 8/1995, do 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia, o decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na comunidade autónoma de Galicia, a Resolución do 3 de febreiro de 2012 (DOG. nº36, do 21 de febreiro), pola que se delega nos xefes do Servizo de Coordinación da Área de Cultura da Xefatura Territorial, o exercicio de determinadas competencias; o Decreto 1/2012 (DOG nº 3, do 4 de xaneiro), polo que se modifica a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e a disposición transitoria cuarta do Decreto 13/2012 (DOG nº 4 do 5 de xaneiro), que fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia; e o Decreto 4/2013, de 10 de xaneiro (DOG nº13, do 18 de xaneiro), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Xefatura Territorial da Coruña

Servizo de Coordinación da Área Cultural

Vicente Ferrer, 2 - 3.^a planta
15008 A Coruña
Tel.: 981 185 693
Fax: 981 185 891

galicia

Esta xefatura do Servizo de Coordinación da Área Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Coruña, no ámbito das súas competencias,

RESOLVE


Estimar a proposta municipal e a continuidade das obras coas seguintes condicións e cautelas:

- Ordenar a conservación *in situ* da estrutura de orixe prehistórica localizada no Sector 1, que non poderá verse afectada polas obras, polo que deberá ser cuberta e protexida axeitadamente, dispoñendo entre ela un xeotextil e unha capa de áridos coma sinala o Informe do arqueólogo municipal.
- A escavación necesaria para a implantación de Infraestruturas de servizos non poderán executarse no contorno inmediato a estrutura arqueolóxica.
- Durante a execución das obras tomaranse as medidas preventivas necesarias para garantir que os restos arqueolóxicos non se vexan alterados polo desenvolvemento dos traballos.
- Os traballos de conservación e protección da estrutura, e movementos de terras que podan ser executados en conta da licenza municipal deberán continuarse baixo control arqueolóxico xa autorizado mediante a Resolución de 28 de xaneiro de 2014 (ED102A2014/017-0).
- A vista dos resultados da actuación arqueolóxica poderán modificarse ás condicións da autorización das obras.
- O Concello, promotor das obras, deberá incorporar ó xacemento ó planeamento municipal tal e coma sinala o artigo 4.1.6. do PXOM da Coruña; “o catálogo, complementario do presente plan, terá carácter permanente e estará abierto a incorporación de novos bens arqueolóxicos que puiden ser descubertos casualmente o como consecuencia de actividades encamiñadas a tal fin, dentro da normativa legalmente establecida ó efecto”. Mentre esta incorporación non se produza o Concello tomará as medidas necesarias para evitar danos sobre o mesmo. Porén calquera solicitude de licenza ou autorización no seu contorno deberá ser informada previamente pola Consellería de Cultura.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada perante a persoa titular da Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e co artigo 26.3.c da Lei 16/2010 do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

A Coruña, 3 de xullo de 2014
O director xeral de Patrimonio Cultural
P.D. O xefe do Servizo de Coordinación da Área Cultural, da Xefatura Territorial da Coruña
(Resolución do 3 de febreiro de 2012, DOG. nº36, do 21 de febreiro)

Manuel Varela Rey





Informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural en relación co asunto:

Documento: *Memoria técnica da prospección arqueolóxica para avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural do Proxecto de urbanización APE H9.01 Parque de Oza (Concello da Coruña)*
 Promotor: *Xunta de compensación APE H9.01 "Parque de Oza"*
 Autor: *Emilio Ramil González*
 Expediente: *03.H.564 2011.001*
 SXPA: *CT 102A 2011/061-0*

Aprobado inicialmente por el Pleno Municipal en sesión de

11 FEB 2016

Arqueoloxía en relación co contido da Certificado:
 El Secretario P.D.

Esta Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, logo de ver o informe do Servizo de documentación remitida, emite o seguinte

INFORME: Antecedentes e feitos

Con data 1 de outubro de 2010, foi recibido escrito da Secretaria de Calidade e Avaliación Ambiental da Conselleria de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, co que se remitia en soporte informático (CD) o Proxecto de urbanización APE H9.01 Parque de Oza (Concello da Coruña) para consultas previas sobre decisión de avaliación de impacto ambiental.

Con data 19 de novembro de 2010 a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural emitiu informe de contestación ás consultas sobre decisión de avaliación de impacto ambiental do Proxecto de urbanización H9.01 Parque de Oza (Concello da Coruña), no que se indicou que no caso que se decidise someter o proxecto ao trámite de avaliación de impacto ambiental, o promotor debería incorporar ao estudo de impacto ambiental que elabore, un estudo específico de avaliación do impacto sobre o Patrimonio Cultural. Sen prexuízo do anterior, no caso de que se decidise non sometelo ao citado trámite de avaliación de impacto ambiental, considerouse oportuno solicitar ao órgano ambiental que na resolución do expediente se inclúa como condicionado cara á protección do Patrimonio Cultural, a necesidade de que o proxecto de urbanización sexa informado polo organismo competente da Conselleria de Cultura e Turismo, incorporando o citado estudo específico de avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural.

Con data 1 de decembro de 2010, a Secretaria de Calidade e Avaliación Ambiental da Conselleria de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas resolveu non someter a avaliación de impacto ambiental o citado proxecto, ainda que recolleu as condicións establecidas no informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Con data 23 de febreiro de 2011, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural resolveu autorizar a realización dunha actuación de Prospección arqueolóxica para avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural do proxecto de urbanización APE H9.01 Parque de Oza (A Coruña).

Con data 22 de marzo de 2011, tivo entrada no rexistro do Departamento Territorial da Xunta de Galicia na Coruña a memoria técnica da prospección acompañada dun escrito da Xunta de compensación APE H9.01 "Parque de Oza" no que se solicita que se incorpore o informe de impacto ao correspondente expediente administrativo e que se emita o correspondente informe de dito documento, co obxecto de proceder á incorporación do mesmo ao Proxecto de urbanización, en tramitación no Concello da Coruña.

Con data de 15 de abril de 2011, o Servizo de Arqueoloxía emitiu informe técnico da Memoria técnica da prospección arqueolóxica para avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural do Proxecto de urbanización APE H9.01 Parque de Oza (Concello da Coruña).

Fundamentos técnicos e legais.

Segundo o disposto no artigo 32 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, todos os plans, programas e proxectos, tanto públicos como privados, que pola súa incidencia territorial poidan implicar risco de destrucción ou deterioración do Patrimonio Cultural de Galicia, serán sometidos ao informe da Conselleria de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, que poderá establecer aquellas medidas correctoras e protectoras que estime oportunas para a protección e conservación do Patrimonio Cultural de Galicia.

A actuación de prospección arqueolóxica realizada no ámbito deste proxecto de urbanización consistiu na



exploración superficial e sistemática sen remoción de terras, dirixida ao estudo e investigación para a detección de restos históricos, arqueolóxicos ou paleontolóxicos, que permita avaliar a afección sobre o patrimonio cultural do proxecto de obras que se pretende executar. Segundo se reflicte no informe presentado, os labores de prospección vironse limitados pola existencia dalgúndhas parcelas abandonadas e cubertas dunha mesta vexetación, así como por outras que están pechadas con valados, circunstancias que non permitiron o acceso, áinda que se realizou unha exploración visual a corta distancia dende fóra das mesmas, dadas as súas pequenas dimensións, e consultouse fotografía aérea recente. O estudo completouse coa consulta de planimetría histórica (plano de Felipe Giano de 1819), catastral e ortofoto área antiga (voo americano de 1956).

Aínda que o informe conclúe que como resultado destes traballos de campo non se observaron indicios directos nin indirectos da posible existencia de restos arqueolóxicos no ámbito deste proxecto, valora como moderado o impacto potencial que podería xerar sobre o patrimonio cultural, dadas as dificultades imposta polo estado actual dos terreos, construcións e propiedades, que non permitiron unha prospección con total garantías. Propónese como medida prolectora a realización dunha supervisión arqueolóxica das fases de limpeza de vexetación e movementos de terra (achairamentos, desmontes, gabias,...etc.) previa presentación dun proxecto onde se recollan as unidades de obra, definidas e cuantificadas, afectadas por este proxecto, e conforme ao previsto no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.

Tamén é necesario recordar que na contorna cercana a este ámbito sitúase a igrexa parroquial de Santa María de Oza, situada ao Suroeste, varios elementos de valor patrimonial (muro e túnel/mina de auga de "O Corgo", fontes e estanques) que foron incorporados á límite zona verde do Parque de Oza-Castrillón, situada ao Oeste, e que ao Leste sitúase o barrio da cidade que conserva o topónimo de "Castrillón", tamén referenciado neste estudo. Con respecto ao interior do ámbito APE H9.01, o informe tamén alude a antigüedad do lugar de Montes, que figura en documentación do século XVII, en relación á fundación dunha capela adicada á Nosa Señora do Carme.



Conclusións e propostas.

Logo de ver todo o anteriormente exposto, en virtude do disposto no artigo 32 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia, infórmase favorablemente o Proxecto de urbanización APE H9.01 Parque de Oza (concello da Coruña), valorándose como axeitadas as medidas correctoras propostas na Memoria técnica da prospección arqueolóxica para avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural do Proxecto de urbanización APE H9.01 Parque de Oza (Concello da Coruña).

Con carácter previo ao inicio das obras de urbanización, deberá presentarse un proxecto para a realización do control e seguimiento arqueolóxico das mesmas, que figura nas medidas correctoras propostas na dita memoria técnica, co obxecto de supervisar os desbroces, movementos de terras, achairamentos, escavacións e desmontes. Este proxecto terá que ser autorizado por esta Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

A aparición de calquera resto arqueolóxico durante a fase de obra ou no seguimento arqueolóxico da mesma deberá comunicar de inmediato á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, que adoptará as medidas cautelares oportunas.

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2011




axa arqueoloxía s.c.

avda. dos caídos, 3-7º D

15009 a coruña

informe valorativo



**ESCAVACIÓN ARQUEOLÓXICA DE ESTRUTURAS
NEGATIVAS NO PROXECTO DE OBRAS ORDINARIAS EN
LAS CALLES CASANOVA DE EIRÍS Y AVENIDA DE LOS
CAÍDOS NO CONCELLO DE A CORUÑA**

actuación:

escavación arqueolóxica en área

promotor:

CONCELLO DE A CORUÑA. ÁREA DE INFRAESTRUTURAS.

axa
arqueología

Ficha técnica:

Aprobado inicialmente por el Pleno
Municipal en sesión de

11 FEB 2016

Certifico:
El Secretario P.D.

DATOS PROXECTO TÉCNICO DE OBRA:

Proyecto de obras ordinarias en las calles Casanova de Eirís y Avenida de los Caídos (A Coruña). Julio 2013

Consultor: SINGLA INGENIERÍA, S.L.

Paseo Marítimo, 13

15002 A Coruña.

Autor proxecto: JAVIER LÓPEZ PITA, col. N° 5.009

DATOS PROMOTOR:

CONCELLO DE A CORUÑA. ÁREA DE INFRAESTRUCTURAS

R/ Praza de María Pita, 1

15001 A Coruña

C.I.F. P-1503000-J

DATOS EMPRESA ADXUDICATARIA:

ABECONSA, S.L.U.

R/ Comandante Fontanes, 11- 1º

15003 A Coruña

DATOS INTERVENCIÓN ARQUEOLÓGICA:

Escavación arqueolólica de estruturas negativas no proxecto de obras ordinarias nas rúas Casanova de Eirís e Avda. dos Caídos no Concello de A Coruña

Redactor: AXA ARQUEOLOXÍA, S.C. Avda. dos Caídos, 3-7º D 15009 A Coruña

Director: VÍCTOR TOMÁS BOTELLA


Autorización: Resolución de 28 de marzo de 2014

Código: ED 102A 2014/095-0

Execución: do 23 ao 30 de abril de 2014


NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- Lei do Patrimonio Cultural de Galicia (Lei 8/1995)
- Decreto 199/1997 que regula a actividade arqueolólica na C. Autónoma de Galicia
- Resolución da D.X. de Patrimonio Cultural de 27 de abril de 2011, recaída sobre expediente 03.H.564 2011.001



EMPLAZAMIENTO

PROYECTO DE OBRAS ORDINARIAS EN LAS CALLES CASANOVIA DE EIRIS Y AVENIDA DE LOS CAIDOS (A CORUÑA)	TÍTULO DEL PROYECTO: SITUACIÓN Y EMPLEAZAMIENTO	Nº DE PLANO: 1
		HOJA: 1 de 1



SITUACIÓN
ESCALA 1:250 000



ORTOFOTO
ESCALA 1:4 000


Ayuntamiento de A
Concello da Coruña

Aprobado inicialmente por el Pleno
Municipal en sesión de

11 FEB 2016

Certifico:
El Secretario P.D.





B'


A

B

+

+

+



Perfil estratigráfico

548825 0084X +
4799978.6549Y


548825 0084X +
4799974.6549Y

HORIZONTE C


HORIZONTE C

548825 0084X +
4799970.6549Y

+



548837.0087X +
4799966.6549Y





PROXECTO
ESCAVACIÓN ARQUEOLÓXICA DE
ESTRUTURAS NEGATIVAS NO PROXECTO DE OBRAS ORDINARIAS NAS RÚAS
CASANOVAS DE EIRIS E AVENIDA DOS CAÍDOS NO CONCELLO DA CORUÑA
CONCEPCION
ED 102A/2014/095-0
PROMOTOR
CONCELLO DA CORUÑA
PLANO
SECTOR 1.
PLANTA E SECCIONES. PERFIL ESTRATIGRÁFICO
ESCALA
1:50


548833 0087X +
4799966.6549Y

548829 0084X +
4799966.6549Y

548825 0084X +
4799966.6549Y



PROXECTO
ESCAVACIÓN ARQUEOLÓXICA DE
ESTRUTURAS NEGATIVAS NO PROXECTO DE OBRAS ORDINARIAS NAS RUAS
CASANOVIA DE EIRIS E AVENIDA DOS CAIDOS NO CONCELLO DE A CORUÑA
CONCEDEO:
ED 102A-2014/0956-D
PROMOTOR:
CONCELLO DE A CORUÑA
SECTOR 2.
PLANO
PLANTA E SECCIONES
ESCALA:
1:250



Sector 1
1:750

10+040

10+060

EXCAVACIÓN

SONDEO

ZANJA



0.89
1.00
0.74

